



EXAME TEÓRICO BOLSA ENCARGADOS/AS PROTECCIÓN CIVIL

NOME E APELIDOS:

DNI:

1.- Cal das seguintes funcións non lle corresponde á Xerencia da AXEGA:

- a) A organización, dirección técnica e xestión do centro integrado de Atención as Emerxencias 112 Galicia.
- b) Realizar acordos e convenios en nome da AXEGA.
- c) Dirixir ó persoal dependente da AXEGA nas operacións de emerxencia.
- d) O deseño e desenvolvemento dos protocolos de atención ás emerxencias.

2.- Para o desempeño das súas funcións, a AXEGA ten os seguintes órganos superiores de dirección:

- a) Presidencia e Xerencia.
- b) Presidencia, Xerencia e Comisión Galega de Protección Civil.
- c) Consello Reitor, Presidencia, Vicepresidencia e Xerencia.
- d) Consello Reitor e Xerencia.

3.- A área de Loxística e Tecnoloxía da AXEGA ten como función:

- a) A elaboración dos protocolos de actuación e xestión do CIAE 112, con suxeición a estándares de calidade.
- b) A xestión operativa e supervisión do CIAE 112.
- c) O control e supervisión das infraestruturas, equipamentos e sistemas informáticos e de comunicación da AXEGA, do 112 CIAE.
- d) Tódalas cuestións relativas á xestión do persoal.

4.- Para utilizar os terminais TETRA conectados a Rede Resgal, que modo debemos establecer:

- a) TMO
- b) DMO
- c) HMO
- d) FMO

5.- Sinala a resposta correcta:

- a) RESGAL é a rede dixital de Emerxencias de Galicia.
- b) As siglas TETRA son Terrestrial Trunked Radio.
- c) O modo TMO da rede TETRA permite operar en directo.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

6.- Segundo a Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, nas Emerxencias de interese Galego:

- a) O Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias poderá declarar a Emerxencia de Interese Galego.
- b) Corresponderá á Axencia Galega de Emerxencias, por a disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia, os medios a súa disposición para a xestión da Emerxencia de Interese Galego.
- c) A dirección da Emerxencia de Interese Galego corresponderá á Axencia Galega de Emerxencias, sen prexuízo da incorporación de outros órganos ou entes administrativos.
- d) Ningunha das anteriores.

7.- Segundo a Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, corresponde a Xunta Local de Protección Civil:

- a) Construír o Centro de Coordinación de Operacións Locais e exercer a dirección do mesmo.
- b) Exercer a potestade de substitución cando as entidades locais incumpran as súas obrigas.
- c) Analizar e avaliar o desenvolvemento do Plan de Emerxencias Municipal unha vez concluída a situación de emerxencia de propoñer as correccións necesarias do mesmo.
- d) Ningunha das anteriores.

8.- En que nivel do PLATERGA a AXEGA realiza funcións de coordinación:

- a) Nivel 0.
- b) Nivel 0E.
- c) Nivel 1.
- d) Nivel 2.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

9.- En que nivel de activación do PLATERGA a dirección do Plan recae no Titular a nivel provincial da Consellería da Xunta en materia de Protección Civil:

- a) Nivel 0.
- b) Nivel 0E.
- c) Nivel 1.
- d) Nivel 2.

10.- O nivel 0E do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia establécese:

- a) En caso de emerxencias de ámbito local ou supra local, cando os medios adscritos ó PEMU son suficientes para conter a emerxencia.
- b) Para emerxencias de ámbito local onde non existe PEMU homologado.
- c) Para emerxencias especiais de Interese Galego.
- d) Ningunha das anteriores.

11.- No manual "accidentes de tráfico. Problemática e investigación", Miguel López Muñiz Goñi divide as causas do accidente en mediatas e inmediatas .Pódense entender como causas mediatas:

- a) As relativas ó vehículo e á vía.
- b) As relativas a fenómenos atmosféricos.
- c) As relativas ó condutor e o peón.
- d) Todas son correctas.

12.- As sustancias que, en contacto coa auga, desprenden gases inflamables inclúense en:

- a) Clase 3.
- b) Clase 4, división 4.1.
- c) Clase 4, división 4.3
- d) Clase 1.

13.- Nun accidente de tráfico con implicación de mercadorías perigosas, en caso de ocultación ou destrución de panel laranxa e pictogramas, que características da cisterna nos farían sospeitar que se trata de GLP:

- a) Cisterna de sección elíptica, con escada traseira, cubeto e bocas de home practicables de apertura manual.
- b) Cisterna de sección circular, con costelas, escada de acceso superior e protección antienvorcado da valvulería.
- c) Cisterna de sección circular, sen escada, con boca de home non practicable con tapa ríxida fixada con tornillería, parasol e galga rotativa.
- d) Cisterna en V e cono de descarga traseira.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

14.- Como se clasificaría un accidente dunha cisterna que transporta mercadorías perigosas no que o continente sofre desperfectos e existe fuga ou derrame do contido:

- a) Tipo 2.
- b) Tipo 3.
- c) Tipo 4.
- d) Tipo 5.

15.- Seguindo o sistema de triaxe Manchester nun accidente de múltiples vítimas, se ó paciente se lle asignou a cor laranxa. ¿Que tempo de espera en atención lle correspondería?

- a) 60 minutos.
- b) 2 horas.
- c) 10-15 minutos.
- d) Atención inmediata.

16.- Nun accidente de tráfico con atrapados, cal é a secuencia de accións correcta:

- a) Sectorización, neutralización e estabilización, plan de excarceración, extracción e acceso sanitario.
- b) Sectorización, mobilización e extracción da vítima, recoñecemento da escena, plan de excarceración, e acceso sanitario e estabilización da vítima.
- c) Sectorización, recoñecemento da escena, neutralización e estabilización do vehículo, acceso sanitario e estabilización da vítima, plan de excarceración, mobilización e extracción da vítima.
- d) Neutralización, sectorización, acceso sanitario, estabilización da vítima, plan de excarceración e mobilización da vítima.

17.- O transporte de enfermos con que fase do decálogo prehospitalario se corresponde:

- a) 8
- b) 5
- c) 9
- d) 6

18.- Que factores do transporte sanitario terrestre inflúen na fisiopatoloxía do paciente:

- a) Forzas de aceleración e ruído.
- b) Forzas de aceleración, ruído e vibracións mecánicas.
- c) Forzas de aceleración e vibracións mecánicas.
- d) Forzas de aceleración, ruído, vibracións mecánicas e temperatura do habitáculo.

19.- Segundo a lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, considéranse infraccións moi graves:

- a) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 7 bis.7, cando non supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.
- b) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 7 bis .8, cando non supoña unha especial transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.
- c) O incumprimento das obrigas derivadas dos plans de protección civil, cando supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.
- d) A comisión dunha terceira infracción leve no prazo dun ano.

20.- Segundo a lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, o Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias e Protección Civil exerce as seguintes funcións:

- a) Xestionar a Rede de Alerta Rexional de Protección Civil nos termos previstos nesta lei.
- b) Divulgar periodicamente datos e estadísticas sobre emerxencias e avaliar a conveniencia e forma de utilización das redes sociais ante unha emerxencia de protección civil.
- c) Canalizar a información que deberán proporcionar as Comunidades Autónomas e as entidades públicas e privadas nos termos establecidos nesta lei.
- d) Actuar como Centro de Coordinación Operativa nas emerxencias de interese provincial e nacional.

21.- Que forza é precisa para elevar 120kg cun polipasto composto de tres poleas fixas e tres móbiles.

- a) 20kg.
- b) 30kg.
- c) 40kg.
- d) 60kg.

22.- Unha corda marcada pola UIAA co distintivo 1 quere dicir:

- a) Que soporta una caída de factor 1.
- b) Que debe usarse en simple.
- c) Que é factor 1.
- d) Ningunha é correcta.

23.- Respecto a apeos e apuntalamentos, o puntal formará co muro a consolidar un ángulo:

- a) Non superior a 60 graos nin inferior a 30 graos.
- b) O puntal formará co muro un ángulo de 60-70 graos.
- c) O puntal formará co durminte un ángulo de 85-90 graos.
- d) Todas son correctas.

24.- Corresponde a un elemento de apuntalamiento inclinado:

- a) Codais.
- b) Rollizos.
- c) Bidas.
- d) Tornapuntas.

25.- O efecto Davy, relaciónase con:

- a) Polvos A B C.
- b) Escumas físicas.
- c) Escumas químicas.
- d) Pos químicos secos.

26.- Con carácter xeral para ventilar máis eficazmente o fume dunha vivenda sita na planta número seis dun bloque dun total de dez plantas:

- a) Colócase o ventilador de presión positiva na rúa enfrontado ó portal de entrada.
- b) Colócase o ventilador de presión positiva dentro da vivenda afectada.
- c) Colócase o ventilador de presión positiva na planta sete para provocar un efecto venturi.
- d) Ningunha é correcta.

27.- A posición lateral de seguridade en embarazadas realizárase:

- a) Sempre sobre o lado dereito.
- b) Sempre sobre o lado esquerdo.
- c) Indistintamente.
- d) Non se debe utilizar nestes casos.

28.- Segundo unha das regras para o cálculo do total da porcentaxe da vítima afectada por unha queimadura, na cabeza e pescozo, correspóndelle unha porcentaxe:

- a) 18% do total da superficie corporal en calquera caso.
- b) Do 13% do total da superficie corporal, en nenos pequenos.
- c) Do 9% do total da superficie corporal en adultos.
- d) Do 9% do total da superficie corporal en calquera caso.

29.- Segundo o plan de Protección civil ante risco de temporais, o persoal do Servizo Provincial de Protección Civil encadraríase dentro do grupo:

- a) Intervención operativa
- b) De estradas e transportes.
- c) Rehabilitación de servizos públicos.
- d) Grupo sanitario.

30.- O concello da Estrada está clasificado atendendo as Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPISI) como:

- a) Perigosidade alta e risco alto.
- b) Perigosidade media- baixa e risco alto.
- c) Perigosidade alta e risco medio-baixo.
- d) Perigosidade media-baixa e risco medio-baixo.

31.- A Constitución española de 1978 entrou en vigor:

- a) Ao día seguinte da súa aprobación polas Cortes Xerais.
- b) O día da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.
- c) Aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.
- d) Todas son correctas.

32.- A Estrutura da Constitución é:

- a) Título Preliminar, títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 13 transitorias.
- b) Título Preliminar, 10 títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 transitorias
- c) Título Preliminar, 12 títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 transitorias.
- d) Título Preliminar, 10 títulos, 168 artigos, 4 disposicións adicionais e 13 transitorias.

33.- De qué trata o Titulo VI da Constitución?

- a) Do poder xudicial
- b) De economía e Facenda
- c) Da relación entre Goberno e as Cortes Xerais
- d) A Coroa

34.- Segundo o artigo 137 da Constitución:

- a) O Estado organízase territorialmente en municipios, provincias, Comunidades Autónomas e nas Cidades Autónomas que se constitúan.
- b) O Estado organízase territorialmente en municipios, provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.
- c) O Estado organízase territorialmente en municipios, provincias, Comunidades Autónomas e nas dúas Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla.
- d) O Estado organízase territorialmente en municipios, provincias e illas

35.- De cuántas Disposiciones Adicionales consta la Constitución Española?

- a) 2
- b) 3
- c) 4
- d) 5

36.- La reforma constitucional se regula en los artículos:

- a) 166 a 169
- b) 167 a 169
- c) 166 a 168
- d) 167 a 168

37.- Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante Lei 7/1985, de 2 de abril), non é un elemento do municipio:

- a) O territorio.
- b) A poboación.
- c) A organización.
- d) A administración.

38.- Será unha competencia municipal obrigatoria nun municipio:

- a) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- c) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

39.- Segundo o disposto na Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local Quen ostenta a competencia de representar ao Concello?

- a) O Pleno.
- b) O órgano no que delegase o pleno.
- c) A Xunta de Goberno Local exclusivamente se hai representación de todos os grupos políticos municipais.
- d) O Alcalde.

40.- A pertenza dun Municipio a dúas provincias:

- a) Admítese excepcionalmente.
- b) Ha de estar previsto en norma con rango de Lei.
- c) Esta prohibida no noso ordenamento jurídico.
- d) As respostas a e b son correctas.

41.- Sinala a resposta correcta:

- a) Toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no Padrón do Municipio no que naceu.
- b) Quen viva en varios municipios deberá inscribirse nos Padróns dos devanditos municipios.
- c) O conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal constitúe a poboación do municipio.
- d) A condición de veciño adquirese no mesmo momento do nacemento.

42.- Segundo a Lei de Bases de Rexime Local (7/1985, do 2 de abril).

- a) O Municipio é a entidade local básica da organización territorial do Estado. Non ten personalidade xurídica nin plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- b) O Municipio é a entidade local básica da organización territorial do Estado. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- c) O municipio está definido na Constitución exclusivamente.
- d) Ningunha é correcta.

43.- Segundo o art.º 1.3. do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) Os poderes da Comunidade Autónoma emanan da Constitución e do presente Estatuto.
- b) Os poderes da Comunidade Autónoma emanan da Constitución e do presente Estatuto e do pobo.
- c) Os poderes da Comunidade Autónoma emanan do presente Estatuto, do pobo, pero non da Constitución.
- d) A Comunidade Autónoma de Galicia como entidade territorial do Estado Español, carece de poderes.

44.- Segundo o art.º 4 do Estatuto de Autonomía:

- a) Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos neste Estatuto.
- b) Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.
- c) Os dereitos dos galegos están regulados na Constitución, no Estatuto e no Código Civil.
- d) Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos neste Estatuto e regularanse por unha Lei do Parlamento de Galicia.

45. -En que ano entrou en vigor o Estatuto de Autonomía de Galicia?.

- a) 1982
- b) 1992
- c) 1981
- d) 1991

46.- Os elementos que compoñen o municipio son:

- a) Territorio, poboación e concelleiros.
- b) Territorio, poboación e organización.
- c) O Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local.
- d) As tres respostas anteriores son falsas.

47.- A Constitución Española ten:

- a) 8 disposicións adicionais.
- b) 10 disposicións transitorias.
- c) 5 disposicións adicionais.
- d) ningunha das anteriores é correcta.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

48.- Que parroquias non pertencen ao concello da Estrada?

- a) Lamas
- b) Paradela
- c) Liripio
- d) Meavia

49.- Cal destas rúas non pertence ao centro urbano do Concello da Estrada:

- a) Serafín Pazo.
- b) García Barros.
- c) Méndez Núñez
- d) Padrón.

50.- A que parroquia pertence o lugar de Rabiáns dos Cabaleiros?:

- a) A Santa Cristina de Veá.
- b) A Santo André de Veá.
- c) A San Xulián de Veá.
- d) A San Xurxo de Veá.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

PREGUNTAS RESERVA:

1.- A peza inclinada que nun apeo ou apuntalamento se coloca soportando unha determinada carga denomínase:

- a)
- b) Durminte.
- c) Sopanda.
- d) Tornapunta.
- e) Puntal.

2.- Respecto a escala de Glasgow, cal é a puntuación máxima en resposta verbal:

- a) 4
- b) 5
- c) 6
- d) 10

3.- Cal destes é unha estrutura de apuntalamento vertical:

- a) Tornapuntas.
- b) Sopandas.
- c) Cimbras.
- d) Zapatas murais.

4.- Protección Civil é:

- a) Unha competencia do Estado.
- b) Unha competencia autonómica.
- c) Unha competencia municipal para municipios de mais de 5.000 habitantes.
- d) Unha competencia municipal para municipios de mais de 20.000 habitantes.